

**Asunto:** Aprobación da lista derivada do proceso selectivo para a elaboración de listas para a cobertura con carácter interino, de prazas de Psicólogo/a clínico/a nos distintos supostos regulados no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.

## RESOLUCION

1.- Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 02/05/2018 resolveuse o seguinte:

*1.- Autorizar a realización dun proceso selectivo para a elaboración de listas co obxecto de proceder á cobertura de prazas de Psicólogo/a especialidade psicoloxía clínica en calquera dos supostos dispostos no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, ao non existir lista de agarda da categoría de psicólogo/a e poder facer así fronte ás necesidades dos servizos en cuxos cadros de persoal se recollen prazas de Psicólogo/a.*

*A duración desta lista será sempre que non se celebre o proceso selectivo para a provisión das correspondentes prazas con funcionarios de carreira, derivado da Oferta de Emprego Público correspondente.*

*As características dos postos de traballo a cubrir, con carácter indicativo, reflíctense na táboa adxunta:*

Posto de traballo	G	N	Esc.	RJ	CE
Psicólogo/a clínico/a	A1	24	AE	F	FR11

2.- *As características do proceso selectivo a realizar describíense a continuación:*

- *Publicación dun anuncio na páxina web municipal, outorgando un prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio correspondente, para presentación de solicitudes. A selección realizarase entre os candidatos que presenten instancias dentro do prazo sinalado.*
- *O proceso selectivo constará de dúas fases:*

**1. FASE DE OPOSICIÓN:**

*Esta fase constará dun exercicio de carácter eliminatorio.*

*Proba escrita: Consistirá en responder unha proba escrita que constará de dúas partes. Esta proba será calificada como máximo ata 50 puntos, sendo necesario superar o mínimo establecido en cada unha das dúas partes, para superala, e sendo eliminadas aquelas persoas aspirantes que non o obteñan.*

*Este exercicio constará de dúas probas, que se realizarán en unidade de acto, de forma consecutiva:*

*1ª parte: Consistirá en responder por escrito un cuestionario tipo test de 80 preguntas, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Tamén haberá que responder a 8 preguntas de reserva. O cuestionario será determinado pola Comisión cualificadora inmediateamente antes de celebrarse a proba e relacionado coas materias comprendidas no temario que se adxunta a esta convocatoria. O tempo destinado a esta proba será de 85 minutos.*

*Esta parte será cualificada de 0 a 30 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 15 puntos para superalo, sendo eliminadas aquelas persoas aspirantes que non o obteñan. A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:*

- *Por cada resposta correcta outórgaselle 0,375 puntos.*
- *Por cada resposta incorrecta descontarase 0,125 puntos.*
- *As respostas en branco non puntúan.*

*2ª parte.- Consistirá en desenvolver por escrito 20 preguntas con resposta curta. O cuestionario será proposto pola Comisión Cualificadora inmediateamente antes do comezo do exercicio e versará sobre os contidos das materias comprendidas na parte especial do temario que se adxunta a esta convocatoria. Valorarase neste apartado a concreción das respostas e a capacidade de redacción e síntese. A Comisión cualificadora determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima. O tempo destinado a esta proba será de 100 minutos.*

*Esta parte será cualificada de 0 a 20 puntos, sendo preciso alcanzar un mínimo de 10,00 puntos para superalo, sendo eliminadas aquelas persoas aspirantes que non o obteñan.*

Á finalización da proba escrita cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas das dúas partes. O seguinte día hábil publicarase o contido do exercicio e o cadro de respostas da primeira parte na páxina web do Concello da Coruña.

## 2. FASE DE CONCURSO:

Con posterioridade á fase de oposición, procederase á avaliación da fase de concurso. Non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte da Comisión cualificadora, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes. Soamente teranse en conta os documentos acreditativos (orixinais ou fotocopias fehacientes) que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo de presentación de instancias da convocatoria. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento da finalización do prazo de presentación de instancias. Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se achen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente na instancia.

Valoraranse os méritos da fase de concurso conforme ao seguinte baremo:

### a) Experiencia laboral:

Por servizos prestados en calquera Administración Pública en prazas de psicólogo/a clínico/a, a razón de 0,10 puntos por mes. A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral, así como o certificado da administración de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e de fin.

O máximo de puntuación neste apartado será de 3 puntos.

### b) Cursos de formación:

Pola acreditación de asistencia a cursos específicos de formación e perfeccionamento expedidos ou homologados por organismos oficiais e directamente relacionados coas funcións da praza de psicólogo/a clínico/a. Non se puntuará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, simposios ou similares.

Aplicarase o seguinte baremo:

Cursos de duración comprendida entre 10 y 24 horas de duración	0,10 puntos
Duración comprendida entre 25 e 50 horas	0,20 puntos.
Duración comprendida entre 51 e 75 horas	0,30 puntos
Duración comprendida entre 76 e 100 horas	0,40 puntos.
Cursos de 100 horas ou máis:	0,50 puntos.

No caso de que as certificacións non especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de duración inferior a 10 horas non se concederá puntuación algunha.

O máximo de puntuación neste apartado será de 2,00 puntos.

### c) Coñecemento da lingua galega:

1) Por estar en posesión do título de linguaxe administrativa nivel superior: 0,75 puntos.

2) Por estar en posesión do título de linguaxe administrativa nivel medio: 0,50 puntos.

O máximo de puntuación neste apartado será de 0,75 puntos.

- As bases que rexerán a presente convocatoria son as que figuran no Anexo adxunto. Para poder participar neste proceso selectivo, será requisito indispensable ter o título de grao en psicoloxía especialidade psicoloxía clínica ou o seu equivalente, de conformidade co establecido na Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña.

3.- Os custos que orixinarán estes nomeamentos imputásense ás aplicacións do orgánico 20 e grupo de programa 231 e, no seu caso, aos códigos de proxecto que se xeren como consecuencia das subvencións concedidas.

2.- Con data 29/08/2018, o secretario do tribunal xulgador do proceso selectivo convocado para a confección de lista de aspirantes para a cobertura con carácter interino, de prazas de Psicólogo/a clínico/a nos distintos supostos regulados no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, publicou un anuncio coas cualificacións finais que obtiveron os aspirantes que superaron o proceso.

As calificacións finais foron as seguintes:

Apellidos y Nombre	Ej. 1	Ej. 2	Concurso	Total
SÁNCHEZ CAO, ELIZABETH	18,500	12,6	5	36,100
VILLARINO GOZÁLEZ, MARÍA	22,375	11,7	1,0	35,075

RODRÍGUEZ RE CAREY, LUIS	20,750	11,2	2	33,950
MACEDA GARCÍA, SABELA	18,125	12,9	1,5	32,525
LOSADA LÓPEZ, CARLOS J.	17,250	10,8	2,0	30,050
CAMPOS GONZÁLEZ, ALMUDENA	15,750	12,5	1,8	30,050
AMADO MERA, ANA	16,625	11,1	2,0	29,725
SANGIAO NOVO, INMACULADA	17,000	11,2	1,3	29,500

Por elo, resulta procedente acordar o seguinte:

3.- Con data 7 de xullo de 2017, aprobouse a Instrucción 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña.

4.- Tendo en conta o exposto, procede aprobar a lista confeccionada para a cobertura de prazas de psicólogo/a clínico/a nos distintos supostos regulados no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade coa Instrucción 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:

Nº orde	Apellidos y Nombre	Ej. 1	Ej. 2	Concurso	Total	Situación
1	SÁNCHEZ CAO, ELIZABETH	18,500	12,6	5	36,100	
2	VILLARINO GOZÁLEZ, MARÍA	22,375	11,7	1,0	35,075	
3	RODRÍGUEZ RE CAREY, LUIS	20,750	11,2	2	33,950	
4	MACEDA GARCÍA, SABELA	18,125	12,9	1,5	32,525	
5	LOSADA LÓPEZ, CARLOS J.	17,250	10,8	2,0	30,050	
6	CAMPOS GONZÁLEZ, ALMUDENA	15,750	12,5	1,8	30,050	
7	AMADO MERA, ANA	16,625	11,1	2,0	29,725	
8	SANGIAO NOVO, INMACULADA	17,000	11,2	1,3	29,500	

5.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/06/2017 (BOP 13/07/2017), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal á Concelleira delegada de Facenda e Administración.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Persoal; a Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local), en uso das facultades que ten conferidas,

#### **RESOLVE:**

Aprobar a lista de agarda de confección urxente de listas para a cobertura de prazas de psicólogo/a clínico/a nos distintos supostos regulados no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade coa Instrucción 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:

Nº orde	Apellidos y Nombre	Ej. 1	Ej. 2	Concurso	Total	Situación
1	SÁNCHEZ CAO, ELIZABETH	18,500	12,6	5	36,100	
2	VILLARINO GOZÁLEZ, MARÍA	22,375	11,7	1,0	35,075	
3	RODRÍGUEZ RE CAREY, LUIS	20,750	11,2	2	33,950	
4	MACEDA GARCÍA, SABELA	18,125	12,9	1,5	32,525	
5	LOSADA LÓPEZ, CARLOS J.	17,250	10,8	2,0	30,050	
6	CAMPOS GONZÁLEZ, ALMUDENA	15,750	12,5	1,8	30,050	
7	AMADO MERA, ANA	16,625	11,1	2,0	29,725	
8	SANGIAO NOVO, INMACULADA	17,000	11,2	1,3	29,500	

A Coruña, 29 de agosto de 2018

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

A Concelleira delegada de Facenda e Administración

Mª Eugenia Vieito Blanco